

ESTATUTOS DA REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO ESTADO ESPAÑOL - COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PREÁMBULO As entidades fundadoras da REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO ESTADO ESPAÑOL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA consideran que unha sociedade civilizada, forte, integradora e democrática é aquela que respecta os dereitos humanos de todos e cada un dos seus membros, polo tanto, todas as persoas que a compoñen gozan, en igualdade de oportunidades, dos mesmos dereitos e corresponibilízanse dos deberes que lles corresponden como membros activos da mesma. Así mesmo, entendemos que as diferencias dos distintos membros que compoñen a sociedade deben ser aceptadas e valoradas e as necesidades que presentan no seu desenvolvimento persoal e na consecución do seu proxecto de vida deben ser tidas en conta co nivel de importancia que corresponda, a fin de que cada persoa poida exercer os mencionados dereitos e deberes e facer efectiva por tanto a súa participación social plena. Por iso, entendemos que as actuacións da nosa entidade se articularán en base aos diferentes **itinerarios da persoa** que constitúen un criterio axeitado para orientar as ferramentas dirixidas a favorecer a inclusión social e en base a este enfoque xeral construír a estrutura dos presentes estatutos, en particular os seus Grupos de Traballo.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º DENOMINACIÓN

a) A entidade que se rexe polos presentes Estatutos é unha asociación que se denomina REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO ESTADO ESPAÑOL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, e cuxa abreviatura é EAPN - GALICIA.

A imaxe de EAPN - GALICIA seguirá no Manual de Identidade Visual ou, no seu defecto, pautas de comunicación, das redes EAPN española e europea, adaptándoo coas referencias necesarias a GALICIA, en particular no seu logotipo.

b) Esta Asociación defínese como democrática, autónoma, apartidista, aconfesional, e defensora dos Dereitos Humanos especialmente referidos ás persoas afectadas por procesos de pobreza e exclusión social.

c) EAPN - GALICIA carece de ánimo de lucro.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 2º PERSONALIDADE

EAPN - GALICIA ten personalidade xurídica propia, autónoma da das súas entidades asociadas e goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos polos presentes Estatutos, e polo ordenamento xurídico do Estado español.

ARTIGO 3º ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

- a) O ámbito de actuación é principalmente a Comunidade Autónoma de GALICIA.
- b) O seu domicilio social establecése na cidade de Santiago de Compostela (A Coruña), calle Muíña, nº 24, CP 15703.

ARTIGO 4º DURACIÓN

A duración será indefinida, salvo causa legal ou estatutaria de disolución.

ARTIGO 5º OBXECTO E FINS

a) EAPN - GALICIA ten por obxecto a incidencia no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos intereses das persoas en situación de pobreza e exclusión social provocando cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia.

b) Son obxectivos de EAPN - GALICIA:

1. Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do Terceiro Sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
2. Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia nas mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
3. Incidir nas Políticas Sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
4. Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desexando unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
5. Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes claves, en particular Administracións Públicas e empresas sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 6º ACTIVIDADES

Para o cumprimento dos seus obxectivos, EAPN - GALICIA poderá exercer as seguintes actividades:

- a) Organizar foros de debate e discusión entre persoas e organizacións interesadas nesta problemática.
- b) Informar aos seus membros e á opinión pública sobre certos aspectos teñan que ver cos obxectivos de EAPN - GALICIA.
- c) Cooperar no desenvolvemento das Redes locais, autonómicas, estatais e/ou internacionais de iniciativas de loita contra a pobreza e a exclusión social.
- d) Analizar as propostas lexislativas nas materias obxecto da asociación, preferentemente da Comunidade Autónoma de GALICIA, e propoñer medidas tendentes a evitar a aparición de novos focos de pobreza ou a paliar e mellorar a situación dos xa existentes.
- e) Actuar como instrumento de incidencia local, autonómica, estatal e internacional ante a Unión Europea, o Estado, os Gobernos das CC.AA., Deputacións e Concellos, co fin de conseguir a adopción de políticas que tendan a previr a pobreza, ou a exclusión social, e evitar as causas que a xeren.
- f) Participar activamente en todos os órganos e actividades propias das organizacións estatal e europea de EAPN, contribuíndo igualmente ao cumprimento dos fins e funcións desta asociación.
- g) Elaborar proxectos de formación e promover iniciativas en relación coa loita contra a pobreza e a exclusión social, dirixidos sempre ás organizacións membro e en ningún caso dirixidos directamente ás persoas usuarias ou beneficiarias de ditas organizacións.
- h) Realizar estudios, investigacións, programas e accións, así como intercambios de experiencias que poidan contribuír ao maior coñecemento do fenómeno da pobreza e a exclusión social. As accións e actividades directas encamiñadas á resolución das necesidades base das persoas en situación de pobreza e exclusión, serán competencia das entidades membro se así o decidiran, pero non da Asociación como tal.
- i) Calquera outras accións lícitas e/ou lexítimas, que tendan a favorecer a realización do seu obxecto e fins.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

TÍTULO II

DAS ENTIDADES ASOCIADAS Á REDE EAPN - GALICIA

ARTIGO 7º COMPOSICIÓN

Poderán ser membros de EAPN - GALICIA todas as persoas xurídicas sen ánimo de lucro involucradas na loita contra a pobreza e a exclusión social coa condición indispensable de aceptar os presentes estatutos, así como os

obxectivos, principios e valores da REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL tanto en Europa como no Estado español, así como o obxecto e fins de EAPN - GALICIA, de acordo co procedemento previsto nos artigos seguintes.

ARTIGO 8º TIPOS DE ASOCIADAS

As entidades asociadas terán os mesmos dereitos e obrigas.

Poderá haber tamén socios ou socias "de honra", que serán calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, designada polo acordo da Asemblea Xeral por maioría de dous terzos das entidades presentes ou representadas, e coa a aceptación de dita persoa, sen que tal designación teña ningún efecto xurídico, senón simplemente o efecto dun recoñecemento ou distinción polo seu especial labor en pro do EAPN.

ARTIGO 9º PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN (ALTAS).

a) A admisión de novas asociadas agregadas ás entidades fundadoras corresponde á Asemblea Xeral, previa proposta da Xunta Directiva e coas seguintes condicións:

- Presentar á Xunta Directiva a solicitude de asociación da entidade, xunto coa seguinte documentación:
 1. Estatutos legalizados
 2. Resolución de inscripción no rexistro correspondente
 3. Un mínimo de dous avales de ambas entidades membros de EAPN - GALICIA
 4. Ingresos da conta de resultados do último exercicio económico pechado pola entidade.
 5. Certificación orixinal do acordo da entidade de incorporación a EAPN - GALICIA
- O acordo favorable de dous terzos dos membros presentes ou representados na Asemblea Xeral na cal se decida sobre a súa incorporación.

b) O acordo de incorporación de novas entidades notificarase á REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL tanto en Europa como no Estado español

c) Os dereitos e obrigaçóns emanados da condición de membro prodúcense a partir do día seguinte ao acordo da Asemblea Xeral, que deberá ser notificado ao novo membro no prazo de dez días.

ARTIGO 10º DEREITOS

Son dereitos das entidades asociadas:



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

- a. Asistir ás Asembleas nas condicións que se establecen nos presentes Estatutos.
- b. Utilizar os servizos que en cada momento teña establecidos a Rede en beneficio das súas asociadas.
- c. Recibir toda información concernente á marcha da asociación.
- d. Os establecidos no art. 21 da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación.
- e. Cantos outros dereitos lles sexan recoñecidos estatutaria ou regulamentariamente.
- f. Separarse voluntariamente de EAPN - GALICIA en calquera momento que o estime oportuno.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS


ARTIGO 11º OBRIGACIÓNES

Son obligacións das entidades asociadas, sexan fundadoras ou agregadas:

- a) Cumprir canto se dispón nos Estatutos e os acordos legalmente adoptados polos órganos de goberno da EAPN - GALICIA dentro da esfera da súa competencia.
- b) Desempeñar diligentemente as misións que EAPN lles encomende.
- c) Contribuír ao sostento de EAPN - GALICIA, aportando para iso os medios que se establezan por acordo da Asemblea Xeral.
- d) Non utilizar o anagrama e nome de EAPN sen o previo acordo do órgano competente.
- e) Evitar antepoñer os intereses particulares aos intereses de EAPN, e utilizar esta para o exclusivo logro de aqueles.
- f) Asistir ás Asembleas de EAPN - GALICIA e participar nas actividades que organicen a nivel xeral.
- g) Facilitar a EAPN canta información de interese común se lles solicite e, en particular, facilitar anualmente a EAPN - GALICIA a documentación acreditativa dos ingresos da conta de resultados de cada exercicio económico pechado pola entidade, remitíndose dita documentación a EAPN - GALICIA antes do día 30 de agosto de cada ano.
- h) Os establecidos na Lei Orgánica de 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación.
- i) Cantas outras obligacións sexan establecidas estatutaria ou regulamentariamente.

ARTIGO 12º PERDA DE CONDICIÓN DE MEMBRO (BAIXAS)

Ademais das que se establecen na Lei Orgánica 1/2002 reguladora do Dereito de Asociación, a condición de membro de EAPN - GALICIA poderase perder por algunha das seguintes causas:



- a) Separación voluntaria da entidade asociada, que terá efectos desde a súa notificación á Xunta Directiva e non exonerará á entidade saínte do cumprimento das obrigas ata dita data.
- b) Incumprimento do prevido nos Estatutos ou reiteradas escusas na aceptación de obrigas especiais que se acorden polos órganos de goberno da EAPN - GALICIA.
- c) Incumprimento reiterado dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- d) Algún outro motivo grave a xuízo da Asemblea Xeral, quen deberá recibir a correspondente proposta da Xunta Directiva.

A baixa forzosa como membro da EAPN - GALICIA, só poderá producirse previa instrucción dun expediente sancionador. A tal fin, a Xunta Directiva designará un dos seus membros como instructor, quen comunicará á entidade asociada o motivo de dito expediente, para que esta poida formular as alegacións que teña por conveniente nun prazo de 15 días. Pasado o prazo, e formuladas ou non as alegacións, o instructor elevará á Xunta Directiva proposta de resolución, e a Xunta Directiva cualificará a infracción e proporá a sanción de acordo coa tipificación prevista nos presentes estatutos. Se a infracción é leve, a sanción será imposta directamente pola Xunta; en caso de que sexa grave ou moi grave, a cualificación efectuada pola Xunta someterase á consideración da Asemblea Xeral, que adoptará a decisión que estime oportuna por maioría de dous terzos e terá efectos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral.

TÍTULO III

ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 13º ENUMERACIÓN DE ÓRGANOS

A asociación rexerase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.

Ademais dos mencionados órganos, a asociación poderá dotarse de calquera outros órganos temporais ou permanentes destinados ao logro dos seus obxectivos, a proposta de calquera entidade ou órgano de EAPN - GALICIA e previa ratificación pola Asemblea Xeral.

Capítulo I. Da Asemblea Xeral



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 14º CARÁCTER E COMPOSICIÓN

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de governo da asociación e estará constituída pola suma de todas e cada unha das entidades asociadas, representadas por unha persoa física designada pola respectiva entidade.

A entidade asociada non terá por qué ser representada sempre pola mesma persoa física, senón que poderá designar para cada Asemblea á persoa que estime más conveniente, co único límite de deixar constancia expresa e escrita desa representación ante EAPN - GALICIA.

Cada entidade asociada disporá dun voto na Asemblea Xeral.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 15º DELEGACIÓN

Non se admite a representación por delegación nin para asistencia nin para voto.

Como excepción, unha entidade de primeiro nivel (asociación ou fundación) poderá delegar o seu voto para unha Asemblea Xeral nunha única entidade de segundo nivel (federación ou confederación) á cal pertenza e siga pertencendo no momento de celebración da Asemblea Xeral, sempre e cando tanto a entidade de primeiro nivel como a entidade de segundo nivel sexan nese momento entidades asociadas a EAPN - GALICIA en plenitude de dereitos. Esta delegación debe realizarse por escrito e debe estar firmada polo Representante Legal da entidade que realiza a delegación, así como polo representante da entidade delegada. O escrito orixinal de delegación debe presentarse cunha antelación de 5 días á celebración da Asemblea Xeral.

ARTIGO 16º PARTICIPACIÓN

As entidades asociadas terán voz e voto e poderán asistir ás Asembleas en plenitude de dereitos.

ARTIGO 17º FUNCIONES

As funcións da Asemblea Xeral serán:

- Aprobar o plan de actividades da asociación.
- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos da asociación, así como a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición dos bens.
- Aprobar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deben aboar os diversos membros.

- d) Examinar e no seu caso aprobar a memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
- e) Adoptar a resolución que proceda sobre os asuntos que figuren na Orde do Día.
- f) Aprobar a modificación dos Estatutos, con inclusión expresa na Orde do Día.
- g) Elixir aos membros da Xunta Directiva e aprobar a constitución dos Grupos de Traballo que considere axeitados.
- h) Acordar a incorporación de EAPN - GALICIA a outras plataformas, federacións, confederacións ou entidades de segundo nivel.
- i) Aprobar a incorporación de novas entidades asociadas.
- j) Acordar a expulsión de entidades asociadas.
- k) Nomear censores de contas.
- l) Acordar a dissolución da asociación.
- m) Calquera outros que non lle estean encomendados pola Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación, ou polos Estatutos a outros órganos colexiados ou unipersonais.

ARTIGO 18º CLASES DE SESIÓNS

A asemblea reunirase ordinariamente dúas veces ao ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou a petición do vinte por cento dos membros da asociación.

Son competencia das Asembleas Xerais Ordinarias:

1. Elección da Mesa da Asemblea
2. Aprobación da Memoria de Xestión da Xunta Directiva
3. Aprobación do programa de traballo anual da Xunta Directiva.
4. Aprobación do plan de actuación e do orzamento anual, así como a conta de liquidación de tales orzamentos.
5. Determinación das cotas ordinarias e extraordinarias que correspondan.
6. Admisión e expulsión de entidades asociadas.
7. Elección dos membros da Xunta Directiva.
8. Modificación de Estatutos e Regulamentos de Réxime Interna.
9. Integración noutras Redes, que deberán ser respectuosas con estes estatutos e cos obxectivos, principios e valores da REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL tanto en Europa como no Estado español.
10. Solicitud de declaración de utilidade pública
11. Adquisición ou alleamento de bens inmóveis.
12. Calquera outra que corresponda con arranxo ás leis ou aos presentes Estatutos.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

ARTIGO 19º CONVOCATORIA E ORDE DO DÍA

A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente, a iniciativa propia, da maioría dos membros da Xunta Directiva ou por petición de un terzo (1/3) das entidades asociadas, indicándose neste último caso os puntos da orde do día interesados.

Na convocatoria constará a orde do día acordada pola Xunta Directiva, na que deberá incluírse inescusablemente todo asunto proposto por, polo menos, un terzo (1/3) das entidades asociadas, así como lugar, día e hora fixados para a súa celebración, achegándose coa convocatoria toda a documentación necesaria para dita Asemblea.

A convocatoria farase chegar individualmente ás entidades asociadas polo procedemento que asegure o seu coñecemento coa antelación suficiente, pero nunca inferior a un (1) mes con respecto á data da súa celebración.

A estos efectos, poderán enviarse as convocatorias e documentos adxuntos a ás mesmas ao correo electrónico designado por cada entidade, debendo constar dito envío coa correspondente confirmación de lectura ou correo de resposta.

A estos efectos, cada entidade se compromete a manter permanentemente activo e actualizado un enderezo de correo electrónico e activado o mecanismo de envío automático de recepción ou, no seu defecto, enviar correo confirmatorio de recepción da convocatoria, e se considerará plenamente válida e suficiente a convocatoria remitida por EAPN - GALICIA ao último correo electrónico facilitado pola entidade.

Estes enderezos de correo electrónico serán recollidos a estos únicos efectos e non poderán utilizarse para ningunha finalidade diferente ás propias da asociación.

ARTIGO 20º CONSTITUCIÓN

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes, cun mínimo de dous.

Ao inicio da sesión elixiranse a súa Presidencia e a súa Secretaría.

ARTIGO 21º ACORDOS

Os acordos adoptaranse por maioría de votos emitidos polas entidades asociadas presentes ou, excepcionalmente, representadas de acordo co previsto no artigo 15 destes estatutos, con dereito a voto.

Haberá maioría de votos cando os votos válidos favorables a un acordo superen aos votos válidos negativos contrarios a dito acordo.

Os acordos relativos aos puntos oito a catorce do artigo 18 requirirán a súa inclusión expresa na Orde do Día e os acordos referidos a estes puntos, para ser válidos, deberán ser adoptados por maioría de dous terzos das entidades presentes ou representadas con dereito a voto.

Levantarase acta de toda Asemblea Xeral no libro correspondente e nela farase constar o número e identidade das entidades asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco.

Será redactada no curso ou ao final da reunión pola Secretaría e subscrita, para que os acordos sexan firmes e executivos, por ela e pola Presidencia nomeados a tal efecto a comezo da Asemblea.

Os certificados de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, pola Secretaría da EAPN - GALICIA, co visto e prace da Presidencia da asociación.

ARTIGO 22º IMPUGNACIÓN

As impugnacións aos acordos da Asemblea faranse de acordo coa legislación vixente.

En todo caso, os acordos adoptados serán firmes e executivos desde a data da Asemblea, excepto acordo en contra da propia Asemblea ou resolución xudicial, salvo os acordos que afecten a materias inscribibles, que serán executivos para os terceiros desde a inscrición no rexistro.

Capítulo II. Da Xunta Directiva e os seus cargos

ARTIGO 23º COMPOSICIÓN

A Xunta Directiva é o órgano de representación da entidade, estará composta por un mínimo de catro (4) e un máximo de dez (10) entidades asociadas, representadas pola persoa física designada pola respectiva entidade elixidas de acordo cos criterios e procedementos previstos no artigo seguinte.

O cargo de membro da Xunta Directiva e, no seu caso, de representante estatutario, será voluntario e non remunerado, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño da



REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO ESTADO ESPAÑOL
Comunidade Autónoma de Galicia



súa función lles ocasione, sen que as cantidades percibidas por este concepto poidan exceder dos límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas para ser consideradas dietas exceptuadas de gravame.

Ademais, os membros dos órganos de representación poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lles corresponden como membros do órgano de representación, pero non poderán participar nos resultados económicos da entidade, nin por si mesmas, nin a través de persoa ou entidade interposta, resultando esta limitación de aplicación igualmente aos administradores que representen á entidade nas sociedades mercantís en que participe, salvo que as retribucións percibidas pola condición de administrador se reintegren á entidade que representen.

O cargo de membro da Xunta Directiva será incompatible coa detención de calquera responsabilidade pública de elección ou designación, salvo que dita responsabilidade tivese sido designada por EAPN - GALICIA ou pola REDE EUROPEA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL en Europa ou no Estado español.

En caso de dúbida acerca da existencia ou non de incompatibilidade, a Asemblea Xeral será o órgano competente para interpretar en cada caso se dan ou non as circunstancias indicadas no parágrafo anterior e, en consecuencia, se da ou non esa incompatibilidade.

O cesamento dos membros da Xunta Directiva producirase nos supostos seguintes:

1. Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica á cal representen.
2. Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na Lei.
3. Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros da Xunta Directiva.
4. Por non desempeñar o cargo coa diligencia debida, si así se declara en resolución xudicial e sen prexuízo da esixencia das responsabilidades disciplinarias que puidesen proceder.
5. Polo transcurso do período do seu mandato se foron nomeados por un determinado tempo.
6. Por renuncia, que poderá levarse a cabo por medio de notificación por medio de burofax dirixido á asociación, acompañada de certificación do acordo da entidade á cal se represente acordando dita renuncia, e terá efectos desde o día seguinte ao de recepción de dito burofax.
7. Por calquera outra causa establecida validamente para o cese nestes Estatutos.

ARTIGO 24º ELECCIÓN E COMPETENCIA DA XUNTA DIRECTIVA

As entidades membro da Xunta Directiva serán elixidas cos seguintes criterios:

- Haberá sempre un mínimo de seis (6) membros para cubrir os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e dúas vogalías, elixidos pola Asemblea Xeral.

En todo caso, unha entidade só poderá dispoñer dun único cargo na Xunta Directiva.

ARTIGO 25º PERIODOS DE ACTUACIÓN E SUPLENCIAS

A duración de cada cargo será de catro (4) anos a partir da data da súa elección, e ningunha entidade poderá ser membro da Xunta Directiva de maneira continuada por máis de oito (8) anos.

Sen prexuízo do anterior, un terzo (1/3) das entidades asociadas poderá propoñer unha moción de censura conxunta con respecto a todos os membros da Xunta Directiva ou individual con respecto a un ou varios membros en concreto, a cal deberá ser debatida na seguinte Asemblea Xeral. En caso de prosperar a censura, que deberá ser acordada por unha maioría cualificada de dous terzos (2/3) das entidades asociadas en plenitude de dereitos, procederase inmediatamente á elección de novos membros de Xunta Directiva. No caso de non prosperar, non será posible promover nova moción durante o resto de tempo de mandato que reste á Xunta Directiva, se tivese sido contra o seu conxunto, ou ao membro concreto contra o cal se tivese proposto, se tivese sido individual contra un ou varios membros.

As vacantes que se produzan poderán ser cubertas, provisionalmente, pola propia Xunta Directiva de forma interina ata a seguinte convocatoria de eleccións de cargos vacantes e, en todo caso, por un período máximo de catro meses, pasados os cales será necesario en todo caso convocar Asemblea Xeral para a elección de ditos cargos vacantes.

As entidades membro da Xunta Directiva que resulten elixidas para cubrir as vacantes antes do período estatutario de mandato indicado no parágrafo anterior exercerán o seu cargo só polo resto de tempo correspondente ao mandato do cargo que ocupen.

ARTIGO 26º COMPETENCIAS E FUNCIÓN



Corresponde á Xunta Directiva:

- a) Propoñer á Asemblea Xeral o programa de actividades da asociación, o seu orzamento anual e a súa liquidación anual.
- b) Dar cumprimento aos obxectivos e fins da a asociación e executar os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- c) Administrar o patrimonio e aplicar e interpretar, no seu caso, as bases económicas da asociación.
- d) Acordar a proposta de admisión e baixa voluntaria das entidades membros, para a súa elevación á Asemblea Xeral.
- e) Autorizar a contratación e separación, no seu caso, do persoal asalariado necesario para o desenvolvemento das actividades da Asociación.
- f) Facultar, por medio de poderes, ás persoas que estime convinte, salvo naquelas facultades indelegables dacordo cos estatutos ou coa normativa vixente en cada momento.
- g) Prantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Asociación que no esta reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
- h) Elixir de entre os membros da Xunta Directiva ao representante ante EAPN - España e, no seu caso, EAPN - Europa.
- i) En xeral, todas aquellas actividades ou acordos que redunden en beneficio da Asociación, dos que deberá dar conta á Asemblea.

ARTIGO 27º FUNCIONAMENTO

27.1. CONVOCATORIA E ORDE DO DÍA.

A Xunta Directiva reunirse, polo menos, unha vez cada tres (3) meses, e tamén sempre que o decida a súa Presidencia, por si mesma ou a petición dun terzo (1/3) de compoñentes da mesma.

Será obligatoria a asistencia ás Xuntas Directivas das súas entidades membros e, en caso de dúas ausencias consecutivas dunha mesma entidade a ambas Xuntas Directivas, a entidade absentista perderá automaticamente e sen máis trámite o seu cargo de membro de dita Xunta Directiva, deixándose constancia ao final da acta desta segunda reunión de Xunta Directiva e notificándose dita situación a todas as entidades asociadas por medio do correo electrónico previsto no artigo 19 destes estatutos.

Na convocatoria constará a orde do día acordada pola Presidencia, na que deberá incluírse inescusablemente todo asunto proposto por, polo menos, un terzo (1/3) das entidades membro de dita Xunta Directiva, así como lugar, día e hora fixados para a súa celebración, achegándose coa convocatoria toda a documentación necesaria para dita reunión.

A convocatoria farase chegar individualmente ás entidades membro da Xunta Directiva, polo procedemento que asegure o seu coñecemento coa antelación suficiente, pero nunca inferior a quince (15) días con respecto á data da súa celebración.

A estes efectos, aplicarase o disposto nos tres últimos parágrafos do artigo 19º en relación coa forma da convocatoria.

Cando o estime conveniente a Xunta Directiva, poderán acudir á reunión da mesma, persoas non pertencentes a ela, con voz e sen voto.

f
Juliana
Amelia
Carola
27.2. CONSTITUCIÓN. A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando acudan persoalmente polo menos o corenta por cento (40%) dos seus integrantes.

Non se admite a delegación de presencia nin voto na Xunta Directiva.

Sen prexuízo da anterior, e no caso de que o permitan a tecnoloxía usada por EAPN – GALICIA e polos membros da Xunta Directiva, será posible a presenza por vía de telecomunicación con imaxe.

27.3. ACORDOS.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos emitidos polas entidades asociadas presentes con dereito a voto, entendéndose que hai maioría de votos cando os votos válidos favorables a un acordo superen aos votos válidos negativos contrarios a dito acordo.

De toda Xunta Directiva levantarase acta no libro correspondente e nela se fará constar o número e identidade das entidades asistentes, teñan ou non dereito a voto, dos asuntos tratados e dos acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco.

Será redactada no curso ou ao final da reunión pola Secretaría e subscrita, para que os acordos sexan firmes e executivos, por ela e pola Presidencia nomeados a tal efecto ao comezo da Xunta Directiva.

Os certificados de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contados expediranse, cando proceda, pola Secretaría da EAPN – GALICIA, co visto bo da Presidencia da asociación.

ARTIGO 28º ELECCIÓN DA PRESIDENCIA, VICEPRESIDENCIA, SECRETARÍA, TESOURERÍA E VOCALÍAS.

A Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e Vocalías serán elixidas pola Asemblea Xeral de entre os seus membros en plenitude de dereitos.



Resultarán elixidas para a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e dúas vogalías, respectivamente e por esta orde, as seis entidades que obtiveran máis votos en votación secreta en urna celebrada en Asemblea Xeral, ordeadas estas entidades de máis votada a menos votada. En caso de empate, será preferida a entidade máis antiga na asociación. En caso de nova igualdade, será preferida a entidade con data de constitución máis antiga.



ARTIGO 29º FUNCIONES DA PRESIDENCIA.

1) Con carácter xeral, a Presidencia ten como función principal a representación legal, nos termos previstos nestes estatutos, e a representación institucional da entidade. A Presidencia acudirá persoalmente ás reunións institucionais, salvo delegación da Presidencia, a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral na Vicepresidencia ou, excepcionalmente, noutro membro da Xunta Directiva. A Presidencia requirirá a presenza do membro ou membros da asociación que estime oportunos en cada ocasión para o seu mellor asesoramento técnico, en función do contido previsto da reunión.

2) Ademais, son tamén funcións da Presidencia:

- Convocar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva e presidir e autorizar, coa súa firma, as actas correspondentes a ditos órganos.
- Actuar en nome e por delegación da Xunta Directiva subscribindo contratos en nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opoñer excepcións ante os órganos da xurisdición ordinario e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins da Asociación.
- Dirixir o equipo técnico (se o houbese) da asociación.
- Calquera outra de interese para a execución dos Estatutos que non estea reservada a outros órganos asociativos de acordo con estes estatutos ou coa normativa vixente.

ARTIGO 30º FUNCIONES DA VICEPRESIDENCIA.

Son funcións da Vicepresidencia:

- Substituír á Presidencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, incluíndo a firma de actas e documentos associativos en xeral.
- Calquera outra que lle fora encomendada pola Xunta Directiva.



ARTIGO 31º FUNCIONES DA SECRETARÍA.

Corresponde á Secretaría:

- a) Redactar as actas das sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, e asinalas xuntamente coa Presidencia.
- b) Expedir certificacións, testemuñas de particulares das actas da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, co visto e prace da Presidencia.
- c) Propoñer as actuacións necesarias en materia de política ou xestión laboral.
- d) Calquera outras que lle estean reservadas pola Lei Orgánica 1/2002 referente ao Dereito de Asociación.

ARTIGO 32º. FUNCIONES DA TESOURERÍA

Corresponde á Tesourería:

- a) Custodiar os fondos da asociación.
- b) Autorizar coa súa firma, xunto coa da Presidencia, os pagos que esta ordene.
- c) Procurar e aceptar os cobros que corresponda.
- d) Levar os libros correspondentes ás operacións de tesourería.
- e) Preparar as contas de liquidación de orzamentos e os balances de situación.
- f) Preparar o proxecto de orzamento anual para someter á Xunta Directiva e, posteriormente, Asemblea Xeral.
- g) Garantir o cumprimento do establecido en materia contable e económica na Lei Orgánica 1/2002 reguladora do Dereito de Asociación.

ARTIGO 33º. FUNCIONES DAS VOGALÍAS

Serán funcións das Vogalías aquellas que a Xunta Directiva considere necesarias en atención a criterios de oportunidade, eficacia e eficiencia das actuacións da asociación.

ARTÍCULO 34º. GRUPOS DE TRABALLO.

Un mínimo de dúas (2) entidades membros poderá constituir tamén libremente un ou varios grupos de traballo, con enteira liberdade de organización e funcionamento, e sen representación na Xunta Directiva, co obxecto de abordar aquéles temas sectoriais e/ou transversais que estimen convenientes, sen que estes Grupos constitúa ningún órgano de goberno nin de representación de EAPN – GALICIA.



Os Grupos de Traballo terán un Coordinador/a e un Secretario/a eleitos de entre as entidades membros do grupo. Ningunha entidade pertencente a Xunta Directiva poderá ostentar a coordinación nin a secretaría de ningún grupo de traballo. Ningunha entidade de EAPN Galicia poderá coordinar nin ser secretaria de máis dun grupo de traballo, agás que por razóns excepcionais a Asemblea Xeral determine o contrario.

TÍTULO IV



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

DO RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 35º. INFRACCIONES E SANCIONES

1. INFRACCIONES. Considérase infracción das cales son responsables as entidades membros por conta da cal actuara a persoa física autora da infracción, o incumprimento en xeral de calquera das obrigacións previstas nestes estatutos e na normativa vixente en cada momento en materia de asociacións e, en particular:

- a) Arrogarse a representación de EAPN-GALICIA sen autorización da Asemblea Xeral, Xunta Directiva ou Presidente.
- b) Utilizar en interese ou beneficio propio a rede de EAPN-GALICIA, así como a española ou a europea.
- c) Utilizar o nome ou a imaxe da rede EAPN-GALICIA sen autorización previa.
- d) Non presentar a EAPN-GALICIA a información ou a documentación previstas polo artigo 11º.g) destes estatutos ou facelo fóra do prazo indicado no mesmo.
- e) Non ter aboado a EAPN-GALICIA unha cota ordinaria ou dúas extraordinarias.
- f) Realizar actividades que poñan en risco o prestixio da asociación.

As infraccións prescribirán no prazo dun ano a contar desde la data da súa comisión.

2. CALIFICACIÓN. A Xunta Directiva cualificará as anteriores infraccións en leves, graves ou moi graves en función da gravidade da actuación, da intencionalidade, da reiteración e, en especial, dos danos ou prexuízos causados á rede EAPN-GALICIA, á estatal ou á europea, ou a outra entidade membro de calquera das redes EAPN.

3. SANCIONES. As sancións poderán consistir nunha das seguintes:

- a) Amoestación pública, con notificación a todas as entidades membro de EAPN-GALICIA.

- b) Expulsión da asociación, que será preceptiva en todo caso no suposto do punto 1.e do presente artigo.

As infraccións leves poderán ser castigadas de acordo co punto a); as infraccións graves poderán ser castigadas de acordo cos puntos a) ou b); e as infraccións moi graves poderán ser castigadas de acordo co punto c)".

As sancións anteriores prescribirán no prazo dun ano dende a súa imposición.

4. ÓRGANO COMPETENTE. As infraccións cualificadas como leves pola Xunta Directiva serán sancionadas directamente por esta, sen prexuízo do dereito da entidade sancionada a recorrer dita decisión ante a seguinte Asemblea Xeral que se convoque ou en vía xudicial, á súa elección.

As infraccións cualificadas como graves ou moi graves pola Xunta Directiva só poderán ser sancionadas, a proposta desta, pola Asemblea Xeral.

5. PROCEDIMENTO. O procedimento sancionador axustarase en todo caso a lo disposto polo artigo 12.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

TÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

ARTIGO 36º. RECURSOS ECONÓMICOS E PATRIMONIAIS.

Os recursos da asociación estarán constituídos por:

- a) O rendemento do seu patrimonio.
- b) Las cotas que satisfacen as súas entidades asociadas.
- c) Os bens propios, móveis e inmóveis.
- d) As subvencións, doazóns, legados e heranzas que se fagan a favor da mesma.
- e) Calquera outra achega que se obteña licitamente para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.

A Asemblea Xeral poderá establecer porcentaxes máximas globais ou anuais de financiamento público se o considerase necesario para garantir a independencia de actuación de EAPN-GALICIA.

Os recursos económicos só se poderán utilizar para o cumprimento do obxectivo e os fins da asociación.

EAPN-GALICIA carece no momento da súa constitución de patrimonio inicial.

ARTIGO 37º. RÉXIME DE COTAS.

Os membros da asociación abonarán anualmente unha cota para contribuír ao sostento da mesma.

O importe inicial de ditas cotas será fixado por tramos, sendo decididas ditas cotas e tramos anualmente pola Asemblea Xeral en función dos ingresos das contas de resultados de cada exercicio económico das entidades membros.

A Asemblea Xeral poderá establecer, ademais, cotas extraordinarias cando a situación económica da asociación así o requira.

ARTIGO 38º. PAGO DE COTAS.

Cada entidade deberá abonar a súa respectiva cota anual o día 15 de xaneiro de cada ano, podendo fraccionala en dous pagos, un deles na data indicada e outro o día 15 de xullo do mesmo ano.

Os membros da asociación que non aboaran a cota ou, no seu caso, a fracción de cota, no prazo establecido quedarán incursas nas responsabilidades previstas nos presentes estatutos.

Ademais, en caso de ser constitutivo de causa de perda da condición de asociada, se proporase dita proposta a Asemblea Xeral seguinte.

ARTIGO 39º. O PLANO DE ACTUACIÓN E O PRESUPOSTO.

- a) O plan de actuación e o orzamento de ingresos e gastos será presentado pola Xunta Directiva, a proposta da Tesourería, para, unha vez estudiado e aprobado ou modificado, remisión á Asemblea Xeral para a súa aprobación.
- b) Os exercicios económicos coincidirán co ano natural.
- c) EAPN-GALICIA destinará á realización dos seus fins polo menos o 70 % das rendas e ingresos detalladas no artigo 3.2 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

ARTÍCULO 40º. DERRAMAS.

Se os fondos dispoñibles da asociación, unidos aos ingresos ordinarios racionalmente previstos, se consideran insuficientes para cubrir os gastos previstos con relación a un exercicio económico, poderá acordar a Asemblea Xeral, proposta da Xunta Directiva, o establecemento dunha derrama a prorratar entre os membros, mediante acordo adoptado por maioría de dous terzos de entidades asistentes con dereito a voto.



TÍTULO VI

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

ARTIGO 41º.

DISOLUCIÓN.

A Asociación disolverase polas causas previstas na Lei Orgánica 1/2002 reguladora do Dereito de Asociación.

En caso de disolución, o seu patrimonio destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Cando a decisión de disolver a Asociación corresponda á Asemblea Xeral, o acordo deberá ser adoptado por maioría de dous terzos dos seus membros presentes.

ARTIGO 42º. COMISIÓN LIQUIDADORA.

Acordada a disolución da Rede pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, se procederáse pola Xunta Directiva, convertida en Comisión Liquidadora, á liquidación do Patrimonio da Asociación.

Porén, a Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou más Comisarías elixidas pola mesma entre as entidades asociadas.

ARTIGO 43º. A ASEMBLEA EN PERÍODO DE LIQUIDACIÓN.

A Asemblea Xeral, durante o período de liquidación, conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución.

DISPOSICIONES TRANSITORIAS

En caso de haber elección de cargos de Xunta Directiva na primeira Asemblea Xeral da asociación, non se aplicarán as regras de desempate de votos previstas no el artigo 28º destes estatutos, senón que se procederá a nova votación para elixir entre aquellas entidades empatadas a votos.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

DISPOSICIONES FINAIS

- 1.- Para a solución daquelas cuestiós que impliquen a intervención de órganos xurisdicionais, establecése a submisión expresa aos Tribunais de Santiago de Compostela (A Coruña), con renuncia a calquera outro foro. Tal renuncia, e conseguinte submisión, afecta ás entidades solicitantes desde o momento en que subscriban la solicitude á Xunta Directiva.
2. Todos os prazos establecidos en estes estatutos computaranse por días naturais, é dicir, sen excluír sábados, domingos nin festivos.

Santiago de Compostela (A Coruña), 6 de febreiro de 2015

DILIXENCIA

Carlos Alfonso Rosón Varela, con DNI nº 52481365B, como Secretario da "Red Europea de Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social en el Estado Español de la CCAA de Galicia", EAPN-Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións, co número 2009/012813-1

Certifico

Que os presentes estatutos foron aprobados por unanimidade na Asemblea Xeral Extraordinaria de EAPN Galicia celebrada o 6 de febreiro de 2015 en Santiago de Compostela, acordo co procedemento establecido nos mesmos.

Estes estatutos substitúen aos ata agora vixentes e inscritos no Rexistro Central de Asociacións.

Asdo. Secretario. Carlos Rosón Varela

VºP. Presidente David Silva Gómez



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Quedan VISADOS e incorporados o Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación 2009/12.813 - F

Santiago de Compostela

12 XUÑ. 2015

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



Maria Amadora Rodríguez Carreira

[Handwritten signature of María Amadora Rodríguez Carreira]

Este documento foi emitido e validado no seu posto de trabajo, mediante a utilização de um leitor de cartões de identificação, com o número 0106, em conformidade com a lei de segurança da informação, que garante a integridade e a confidencialidade dos dados transmitidos.

